

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

EXTRACTO da Resolución do 14 de febreiro de 2025, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras do programa de axudas de emerxencia social, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PR935A).

BDNS (Identif.): 816567.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas:

1. As persoas emigrantes nadas en Galicia e residentes nalgún dos países de América para os cales o Estado español fixase unha base de cálculo para a prestación por razón de necesidade no ano anterior ao da convocatoria.

2. Os/as fillos/as daquelas que residan nalgún dos países de América arriba indicados, sempre que teñan a nacionalidade española e estean vinculados/as con calquera concello galego no Padrón de españois residentes no exterior (PERE) desde, polo menos, 3 meses antes da data de presentación da solicitude.

3. Para o suposto de situacións de emerxencia que incidan nas condicións de saúde provocando ao solicitante gastos extraordinarios de carácter sanitario ou asistenciais, poderán ser perceptores tamén os descendentes de emigrantes galegos ata o segundo grao por consanguinidade que cumpran as mesmas condicións do punto anterior.

Segundo. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras do procedemento de concesión de axudas de emerxencia social e proceder á súa convocatoria para o ano 2025, coa finalidade de outorgar unha prestación económica única a persoas emigrantes



de nacionalidade española e orixe galega residentes en América con escasos recursos, e aos seus descendentes, para atender situacións de imperiosa necesidade derivadas de circunstancias extraordinarias sobrevidas nos últimos 12 meses.

En concreto, a devandita prestación vai dirixida a cubrir gastos específicos para aliviar as carencias que afectan estes tres ámbitos principais:

1. As condicións básicas de subsistencia: alimentación, coidados persoais esenciais, educación...

2. As condicións de vivenda: deterioración grave, falta de equipamento ou dotacións esenciais.

3. As condicións de saúde e benestar social: necesidades urxentes de carácter sanitario ou asistencial.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 14 de febreiro de 2025, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras do programa de axudas de emerxencia social, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PR935A).

Cuarto. *Importe*

1. A concesión das axudas reguladas nesta resolución financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, por importe de corenta mil euros (40.000,00 €).

2. A contía das axudas de emerxencia social por persoa beneficiaria non poderá ser inferior a 500,00 € nin exceder os 3.000,00 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para a presentación de solicitudes comezará a partir do oitavo día natural seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 6 de outubro de 2025.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2025

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

CVE-DOG: ykyonp68-w6r0-fsi7-xfz5-xlsikccoze06

